

Resolución do 17 de xuño de 2026, da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade da Universidade da Coruña, pola que se convoca o VII Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na Universidade da Coruña.

A Universidade da Coruña aprobou, o 20/12/2023, o Protocolo para a prevención, detección e actuación da UDC ante situacións de violencia de xénero, violencias sexuais, violencias LGTBIfóbicas, discriminación ou acoso sexista ou por razón de sexo, orientación afectivo-sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais (a partir de agora, Protocolo).

Este protocolo recoñece o dereito de todas as persoas a desenvolver a súa actividade nunha contorna libre de acoso e violencia, con pleno respecto á súa intimidade e á súa integridade física e moral.

No marco deste compromiso, a Universidade da Coruña impulsa accións de sensibilización destinadas á comunidade universitaria. Entre elas, convócase o VII Concurso María Balteira de creacións artísticas, para promover a reflexión e dar visibilidade ao protocolo a través da creación artística.

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto desta resolución é convocar o VII Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas, organizado pola Oficina para a Igualdade de Xénero da UDC, dependente da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade.

2. O concurso ten como finalidade dar difusión e visibilidade ao Protocolo mediante a creación de obras artísticas nas modalidades de deseño de cartel, vídeo, podcast, microrrelato ou micropoema.

Artigo 2. Financiamento

Os premios financiaranse con cargo á partida orzamentaria correspondente do Convenio do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, 1806240973 321A 6400008, por un importe total de 1 000 euros.

Artigo 3. Persoas participantes

Poderá participar de xeito individual calquera persoa da comunidade universitaria da UDC:

- estudantado de grao, mestrado, doutoramento e títulos propios
- persoal docente e investigador (PDI)
- persoal técnico, de xestión e de administración e servizos (PTXAS)
- persoal contratado.

Artigo 4. Características das obras

1. As obras deberán promover á sensibilización, prevención, detección e loita contra o acoso sexual, o acoso por razón de sexo e a discriminación por orientación sexual, identidade ou expresión de xénero.

2. Establécense as seguintes modalidades:

- cartel
- Restantes modalidades:
 - vídeo
 - podcast
 - microrrelato
 - micropoema

3. No caso da modalidade de cartel, a obra deberá contribuír á difusión do Protocolo, dispoñible na seguinte ligazón:

https://www.udc.gal/gl/oficinaigualdade/protocolo_acoso

Artigo 5. Requisitos técnicos

As obras deberán presentarse cos seguintes requisitos:

a) Cartel: formato JPG e resolución mínima de 300 ppp.

b) Vídeo: duración máxima de 2 minutos. Admitiranse tamén microvídeos gravados con dispositivos móbiles ou publicados en plataformas dixitais creadas para tal fin (TikTok, Instagram ou similar) sempre que estean libres de publicidade e contén cos permisos necesarios para a súa reprodución e difusión.

c) Podcast: duración de 5 minutos en formato MP4.

d) Microrrelato ou micropoema: extensión máxima de 200 palabras, en formato PDF.

Artigo 6. Contía dos premios

1. Establécense os seguintes premios para a modalidade de cartel:

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 200 euros

2. Para as restantes modalidades (vídeo, podcast, microrrelato ou micropoema) establécense os seguintes premios:

- 1º premio: 300 euros
- 2º premio: 200 euros

3. Os premios estarán suxeitos á normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas e aplicaranse as retencións fiscais que correspondan, o que poderá reducir o importe final percibido.

4. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios e acumular ou redistribuír a contía económica entre as restantes categorías, se as obras non acadan a calidade mínima requirida.

Artigo 7. Presentación de solicitudes

1. As solicitudes presentaranse preferentemente a través do rexistro electrónico da UDC: https://sede.udc.gal/services/telematic_register

A solicitude dirixirse a “Servizos – Oficina para a Igualdade de Xénero” no apartado “Destinado a” do formulario. Para acceder ao rexistro será preciso dispor dun certificado electrónico emitido pola FNMT ou doutro sistema de identificación electrónica admitido.

2. Alternativamente, as solicitudes poderán presentarse de maneira presencial nos seguintes rexistros da UDC:

a) Rexistro Xeral. Reitoría, r/Mestranza 9, 15001 A Coruña.

b) Rexistro Auxiliar de Ferrol. Edificio de Usos administrativos (1º andar). Avenida de Vigo s/n, Campus de Esteiro, 15403 Ferrol.

3. Non se admitirán solicitudes enviadas por correo electrónico.

Artigo 8. Requisitos de documentación

1. A solicitude terá que incluír:

a) O anexo I debidamente cuberto, indicando a ligazón ao ficheiro da obra presentada.

Se a solicitude se presenta presencialmente, tamén deberá enviarse un correo electrónico a oficina.igualdade@udc.gal, indicando os datos persoais e a ligazón ao ficheiro da creación artística, que poderá compartirse a través de OneDrive ou plataformas similares.

b) O anexo II, debidamente cuberto e asinado.

c) Copia do DNI ou documento identificativo equivalente.

2. Cada persoa poderá presentar unha única obra por modalidade. Se participa en varias modalidades, deberá indicalo expresamente.

3. Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou carece dalgunha documentación, requirirase á persoa interesada para que emende as deficiencias nun prazo de 10 días hábiles. De non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude.

4. A universidade poderá solicitar a documentación necesaria para comprobar a vinculación da persoa participante coa Universidade da Coruña.

5. Se na obra aparecen persoas recoñecibles, deberá achegarse o anexo III asinado por cada unha delas autorizando o uso da súa imaxe. No caso de persoas menores de idade, a autorización deberá estar asinada pola nai, pai ou persoa titora legal.

Recoméndase a presentación dos traballos en lingua galega xa que é a lingua propia e vehículo normal de expresión da institución.

Artigo 9. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación desta convocatoria no Taboleiro Electrónico Oficial (TEO) da UDC https://sede.udc.gal/services/electronic_board/category/7 e finalizará o **2 de outubro** de 2026.

Artigo 10. Xurado

1. O xurado estará composto polas seguintes persoas:

a) Presidencia: Cristina López Villar. Vicerreitora de Igualdade e Diversidade, ou persoa en quen delegue.

b) Secretaría: M^a José Abad López. Directora da Oficina para a Igualdade de Xénero.

c) Vogais:

- Eva Souto García
- Laura Milagros Castro Souto
- Patricia Comesaña Comesaña
- Teresa Piñeiro Otero
- Montserrat Gólfas Pérez

2. A secretaría actuará con voz pero sen voto.

3. O xurado resolverá todas as cuestións non previstas nesta convocatoria e as súas decisións serán firmes e inapelables.

4. O xurado poderá contar coa colaboración de persoas expertas cando a temática das obras o requira.

Artigo 11. Criterios de selección

Os criterios de selección das obras premiadas serán os seguintes:

- Adecuación aos requisitos da convocatoria: máximo 2 puntos.

-Calidade da obra presentada: máximo 6 puntos.

-Utilización da lingua galega: máximo 2 puntos.

Artigo 12. Avaliación, proposta de resolución e resolución

1. Unha vez que remate o prazo de presentación de solicitudes, o xurado avaliará os traballos e publicará unha proposta de resolución das persoas gañadoras no TEO da UDC, abríndose un prazo de 10 días hábiles, para presentar alegacións a través do Rexistro electrónico da UDC.

2. Unha vez que o xurado resolva as alegacións, remitirá a persoa titular da Vicerreitoría de Igualdade e Diversidade a proposta de resolución.

3. A vicerreitora ou o vicerreitor ditará a resolución da convocatoria no TEO da UDC. Contra esta resolución, que pon fin ao procedemento administrativo, poderase interpoñer un recurso de reposición ante a reitora ou reitor da UDC, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP). Alternativamente, poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, perante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA).

Artigo 13. Dereitos de explotación e difusión

1. A Universidade da Coruña poderá difundir as obras presentadas en publicacións, exposicións e outras accións de comunicación relacionadas co concurso e co protocolo de referencia, indicando sempre a autoría. A participación no concurso non implicará a perda da propiedade das obras.

2. Ademais das obras premiadas, o xurado poderá seleccionar outras obras que considere de interese para a súa difusión ou para unha posible exposición virtual na páxina web ou nas redes sociais da UDC.

3. O xurado poderá propoñer á persoa autora da obra premiada axustes técnicos ou adaptacións necesarias para incorporar os logotipos oficiais e facilitar a súa publicación e difusión.

4. As obras seguirán sendo propiedade das persoas autoras. A participación no concurso implica a cesión temporal á UDC dos dereitos necesarios para a súa difusión nos termos previstos nesta convocatoria.

Disposición final primeira. Recursos

Esta resolución poderá ser recorrida mediante un recurso potestativo de reposición perante o reitor ou a reitora da UDC no prazo dun mes, que contará a partir do día seguinte ao da súa publicación no TEO, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben directamente mediante un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o xulgado competente, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición final segunda. Publicación e entrada en vigor

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no TEO da UDC.

O reitor

PD (RR 10/07/2024)

A vicerreitora de Igualdade e Diversidade

ANEXO I. Solicitude de participación no VII Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC

Datos persoais

Nome:

Apelidos:

DNI ou documento equivalente:

Correo electrónico:

Teléfono de contacto:

Enderezo postal:.....

Datos da solicitude

Grupo ao que pertence:

Estudiantado PDI PTXAS Persoal contratado

Tipo de obra que se presenta:

Cartel Vídeo Podcast Microrrelato

Participa noutra categoría do mesmo concurso? Si Non

Ligazón ao ficheiro onde se atopa a obra presentada ao concurso

.....

(no caso de presentar a solicitude presencialmente nos rexistros da UDC, terá que enviarse un correo electrónico a oficina.igualdade@udc.gal indicado os datos persoais e a ligazón ao ficheiro da obra).

En, de de 20.....

Sinatura da persoa solicitante

.....

Nota: recoméndase compartir o arquivo mediante OneDrive. En OneDrive, premer o botón dereito do rato sobre o ficheiro que se desexe compartir, seleccionar **Compartir** e, acto seguido, **calquera persoa que teña o vínculo/Aplicar/Copiar Vínculo**.

ANEXO II. Consentimento para a obtención de datos persoais: captación e difusión de imaxes

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPd), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son r/Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura deste documento, a persoa interesada autoriza a UDC á captación de imaxes e/ou voz (fotografías e vídeos) con motivo da participación no acto de entrega do premio do *VII Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC*. Así mesmo:

- a) Autoriza a utilizar os datos tomados en calquera das contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou calquera publicación que esta entidade edite ou publique;
- b) E/ou autoriza a que os seus datos sexan cedidos ou comunicados aos seguintes destinatarios: medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio).

Os datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base en algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do RXPd. En calquera caso, terá dereito a solicitar a persoa responsable do tratamento o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección de Outros trámites. Tamén poderá remitir unha solicitude ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, r/Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico

secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto.

Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente a persoa Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Igualmente, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

En, de de 20.....

Nome e sinatura da persoa participante. No caso de ser menor de 14 anos de idade, deberá asinar a nai, o pai ou a persoa titora legal:

.....

Anexo III. Consentimento para difusión de imaxes e/ou voz nas obras presentadas ao VII Concurso María Balteira de creacións artísticas para a prevención das violencias sexistas na UDC

De acordo co artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos ou RXPDP), e co artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son r/Mestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a sinatura deste documento, a persoa interesada autoriza a UDC a:

- a) Difundir a obra onde aparece a súa imaxe e/ou voz en calquera dos seus centros, nas contas oficiais das redes sociais da UDC, na súa páxina web, informes internos ou en calquera publicación que esta edite ou publique.
- b) E/ou difundir a obra onde aparece a súa imaxe e/ou voz nos medios de comunicación locais, autonómicos e nacionais (prensa escrita/dixital, TV e radio).

Os datos trátanse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante un período de seis anos.

A persoa interesada terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos, salvo que o tratamento dos datos quede xustificado con base en algunha das outras bases de lexitimación contempladas no artigo 6 do RXPDP. En calquera caso, terá dereito a solicitar a persoa responsable do tratamento o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do tratamento. Tamén terá dereito a se opor ao citado tratamento, ben como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer, destacadamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que se pode cubrir na Sede Electrónica da UDC, na sección de Outros trámites. Tamén poderá remitir unha solicitude ao seguinte enderezo: Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, r/Mestranza 9, 15001 A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia «protección de datos», a través dun escrito asinado para o efecto.

Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente a persoa Delegada de Protección de Datos, ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Igualmente, a persoa interesada ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

En, de de 20.....

Nome e sinatura da persoa participante. No caso de ser menor de catorce anos de idade, deberá asinar a nai, o pai ou a persoa titora legal:

.....